

Adaptación da Muiñeira de Lugo para a aula



A Muiñeira de Lugo é unha peza de estrutura moi sinxela e por iso é ideal para ser bailada nas nosas aulas de Primaria. A **estrutura musical** da peza é a seguinte:

- **Introdución** (neste caso executada pola pandeireta, pero se tivesemos posibilidade de que a interpretase unha gaita sería ideal)
- **Tema A** ou copla.
- **Tema B** ou paseo.

Como xa dixemos na [historia da muiñeira](#), este baile naceu para ser bailado por parellas. Por iso, nesta adaptación da Muiñeira de Lugo os danzantes executarán os puntos en dúas ringleiras enfrontadas, aínda que saíran ao escenario nunha soa ringleira na introdución da pandeireta e se colocarán do seguinte xeito:

Tema A



Tema B



- ❖ No **Tema A** os danzantes xirarán nunha soa ringleira, quedando colocados de novo na posición A a tempo para excutar o seguinte paso.
- ❖ No **Tema B** os danzantes executarán diferenes pasos ou puntos acordes ao nivel do grupo.